



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO  
Secretaría Xeral de  
Ordenación do Territorio e Urbanismo


Edif. Adm'tvo. San Caetano,  
Bloque 3  
15781 Santiago de Compostela



**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 15/07/2016 09:55:15

SAÍDA 77372 / RX 1034451



PTU-AC-15/085  
OLEIROS (A CORUÑA)  
MP/PXOM Nº 4 CAMBIO DE USO NAS  
PARCELAS DE EQUIPAMENTO MESÓN  
DA AUGA  
Notificación orde  
Páx. 1 de 3

Sr. Alcalde do Concello de Oleiros (A Coruña)

Notifícolle que con data 14/07/2019 a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ditou a orde que literalmente di:

**"ORDE DO 14 DE XULLO DE 2016 SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DO PXOM DE OLEIROS, PARA CAMBIO DE USOS NAS PARCELAS DE EQUIPAMENTO DA URBANIZACIÓN MESÓN DA AUGA.**

O Concello de Oleiros remite o proxecto da modificación puntual do PXOM referida, en solicitude da súa aprobación definitiva conforme ao disposto no artigo 85.7 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

Analizada a documentación achegada, e vista a proposta literal que nesta mesma data eleva a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, resulta:

**I. ANTECEDENTES**

1. O Concello de Oleiros dispón na actualidade dun PXOM, aprobado definitivamente por Ordes CPTOPT do 11/03/2009 (parcial) e 11/12/2014.
2. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou informe ambiental estratéxico mediante resolución do 28/10/2015, na que se estableceu non sometela ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria (DOG 02/12/2015).
3. Constan informes favorables do arquitecto municipal de 09/12/2015; da coordinadora de servizos urbanísticos de 19/01/2016, sobre o procedemento de tramitación da modificación (artigo 85.1 da LOUG); e da secretaria do Concello de 20/01/2016, para a aprobación inicial do documento.
4. A modificación non foi sometida a informe previo á súa aprobación inicial (artigo 85.1 da Lei 9/2002), porque o concello considerou que non é preceptivo neste caso (artigo 93.4 da LOUG).
5. O concello pleno aprobou inicialmente a modificación o 28/01/2016. Foi sometida a información pública polo prazo de dous meses (anuncios en La Voz de Galicia de 12/02/2016 e El Ideal Gallego de 13/02/2016; e no DOG de 18/02/2016). Deuse audiencia aos municipios limítrofes de A Coruña, Cambre, Culleredo e Sada, sen que se formulasen obxeccións. Non foron presentadas alegacións conforme ao certificado municipal de 20/04/2016 incluído no expediente.



PTU-AC-15/085  
OLEIROS (A CORUÑA)  
MP/PXOM Nº 4 CAMBIO DE USO NAS  
PARCELAS DE EQUIPAMENTO MESÓN  
DA AUGA  
Notificación orde  
Páx. 2 de 3

6. Consta informe sectorial en materia de paisaxe de data 13/04/2016 emitido polo IET.
7. Consta informe da coordinadora de servizos urbanísticos de 6/05/2016, previo á aprobación provisional.
8. A modificación foi aprobada provisionalmente por acordo do concello en pleno de data 26/05/2016.

## II. ANÁLISE E CONSIDERACIÓNS

II.1. Segundo o establecido no artigo 94.1 da LOUG calquera modificación de planeamento deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas, concorrentes nesta modificación para a corrección do uso asignado polo PXOM a tres parcelas de equipamentos en solo urbano consolidado, para axustalos aos usos definidos no proxecto de reparcelación aprobado definitivamente en 2003.


II.2. A modificación implica a supresión dunha zona verde e a recualificación da parcela prevista no PXOM para equipamento comunitario docente como solo urbano de uso comercial. A nova parcela que se destina a solo urbano comercial, aínda que se grafa coa mesma trama que os equipamentos, non se corresponde cos usos previstos na ordenanza de equipamentos do plan xeral (artigo 121 da normativa). Sendo tal uso comercial de carácter privado, prodúcese un incremento de intensidade de uso no PXOM.

II.3. Segundo o artigo 93.4. da LOUG, as modificacións do planeamento xeral que non impliquen nin a reclasificación do solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona, nin alteren os sistemas xerais previstos no planeamento vixente, non precisarán obter o informe previo á aprobación inicial ao que fai referencia o punto 1 do artigo 85 da lei.

II.4. Porén, esta modificación provoca o incremento da intensidade do uso respecto das previsións do PXOM aprobado, polo que se debería ter obtido o informe previo á aprobación inicial antes da correspondente aprobación inicial, cousa que non sucedeu.

II.5. Xa que logo, a aprobación inicial foi feita de xeito impropio, debendo reiniciarse a tramitación deste expediente de acordo co establecido na D.T.2.ª.3. da Lei 2/2016.

A competencia para resolver sobre a aprobación definitiva do planeamento xeral corresponde á Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de conformidade co disposto nos artigos 89 e 93.4 LOUG e o artigo 3.a en relación coa disposición transitoria segunda do Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia.



PTU-AC-15/085  
OLEIROS (A CORUÑA)  
MP/PXOM Nº 4 CAMBIO DE USO NAS  
PARCELAS DE EQUIPAMENTO MESON  
DA AUGA  
Notificación orde  
Páx. 3 de 3

### III. RESOLUCIÓN

En consecuencia, e visto o que antecede, RESOLVO:

1. Non outorgar a Aprobación Definitiva á Modificación Puntual Nº 4 do PXOM de Oleiros, de acordo co artigo 85.7.b) da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, polas consideracións sinaladas no apartado 2 anterior.
2. O Concello deberá reiniciar a tramitación da mesma, adaptándoa plenamente ao disposto na Lei 2/2016, do Solo de Galicia.
3. Notifíquese esta Orde ao Concello.
4. Contra esta Orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."

**O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos.**

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2016

A secretaria xeral de Ordenación  
do Territorio e Urbanismo

  
María Encarnación Rivas Díaz

